

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXV EDICIÓN DOS PREMIOS DE TEATRO MARÍA CASARES 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da XXV edición dos Premios de Teatro María Casares que organiza a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, convocatoria que recoñece o labor desenvolvido pola profesión teatral en Galicia en catorce categorías (maquillaxe, vestuario, iluminación, música orixinal, adaptación/tradución, texto orixinal, escenografía, actor secundario, actriz secundaria, actor protagonista, actriz protagonista, dirección, espectáculo e espectáculo infantil), ás que optan producións galegas de teatro de actor estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020, así como todos os profesionais que participen nas montaxes nese período, e que contempla, ademais, estreas do último trimestre do curso anterior e no primeiro trimestre do ano 2021. Outórgase, ademais, o Premio de Honra Marisa Soto, como recoñecemento a unha traxectoria ou labor, persoal ou colectivo, a prol da promoción do teatro galego.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia organiza de forma sucesiva unha das citas anuais de referencia no eido escénico, os premios de teatro María Casares, evento de ampla traxectoria no que se recoñece anualmente o traballo e o esforzo dos profesionais deste sector cultural, que se converte nun espazo privilexiado de encontro anual das xentes vinculadas ao mundo do teatro en Galicia, nun foro social de recoñecemento do labor emprendido polos profesionais galegos do teatro e nun ámbito de proxección pública do seu traballo tanto en Galicia coma fóra da Comunidade.

Con gran número de socios, testemuño da súa elevada representatividade no sector, a Asociación, creada en 1985, é na actualidade a interlocutora de referencia das institucións públicas e do sector empresarial da escena e o audiovisual, así como un axente dinamizador e modernizador das políticas culturais con maior presenza pública en Galicia, cunhas liñas de traballo orientadas



sempre á defensa dos intereses dos profesionais da interpretación e a dirección de escena en Galicia.

A Agadic considera que os premios, máis aló da autocomplacencia, son un inmejorable instrumento para facer visible a todo un sector, para darlle visibilidade á escena galega, a todo un colectivo de creadores comprometidos coa cultura galega e que axuda a situar a este sector estratéxico, de enorme potencial, no lugar onde lle corresponde por calidade. O posicionamento acadado pola marca Premios de Teatro María Casares xa dende o seu nacemento é necesario que siga dando os seus froitos nas seguintes edicións.

O esforzo no fomento dun sector como o teatral que leva a cabo a Asociación de actores e actrices de Galicia, e que ten o seu punto culminante e de maior proxección pública na organización dos premios María Casares, coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da industria teatral que a Agadic pretende levar a cabo, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas, establecendo accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

